



CONCELLO DE MUXIA
(A Coruña)

Rúa Real, 35
15124 MUXÍA (A Coruña)
Telfs: 981 742 117
981 742 528
981 742 001
Fax: 981 742 298
CIF: P1505300B
correo@muxia.es
www.concellomuxia.com

ACTA Nº 2024/3
SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN

- CASA DO CONCELLO, XOVES 21 DE MARZO DE 2024 -

No día de hoxe, ás 20:30 horas, baixo a presidencia do alcalde, reúnen-se os concelleiros e concelleiras que se indican, coa asistencia da secretaria, que subscribe, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, Sesión Ordinaria do Pleno da Corporación.

PRESIDE:

SANTIAGO MANUEL TOBA CAMPAÑA

ASISTEN:

PSOE

OLALLA BENLLOCH LEMA

JAVIER ROMAR ALVARELLOS

PATRICIA DOMINGUEZ MARINO

FELIPE VILELA VILELA

BNG

MARIA MERCE BARRIENTOS VARELA

PP

SOFIA LOPEZ SIMON

SANDRA VILELA RIVEIRO

ROSARIO GONZALEZ LEMA

IxMuxía

FRANCISCO JAVIER SAR ROMERO

AURELIA MARIA PICALLO MERLAN

SECRETARIA: ROSA ANA GARCIA FERNANDEZ

INTERVENTORA: ROSA MARIA FERNANDEZ CANOSA

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que o alcalde, como Presidente, declara aberta a sesión. Procédese a tratar os asuntos incluídos na

ORDE DO DÍA

A) Parte resolutiva.

1.- Aprobación acta sesión anterior

2.-Modificación orzamentaria por suplemento de crédito 1/2024

3.-REC 2/2024 (facturas exercicios anteriores)

B) Parte non resolutiva de control e seguimento da xestión dos órganos de goberno.

4.-Moción do PP sobre Ponte de Vilachán

5.-Moción do PP sobre a normativa respecto dos galiñeiros de autoconsumo

6.-Moción do PP de apoio aos agricultores e gandeiros españois.



CONCELLO DE MUXIA
(A Coruña)

Rúa Real, 35
15124 MUXÍA (A Coruña)
Telfs: 981 742 117
981 742 528
981 742 001
Fax: 981 742 298
CIF: P1505300B
correo@muxia.es
www.concellomuxia.com

7. Moción do BNG de apoio ás peticións feministas con motivo do 8 de marzo

8.-Dar conta marcos orzamentarios 2024

9.-Dar conta liquidación orzamentaria 2023

10.-Dar conta resolucións Alcaldía do 10 de novembro de 2023 ao 18 de marzo de 2024

11.- Control órganos de goberno. Rogos e preguntas

1. Aprobación da Acta da sesión anterior, celebrada o día 8 de febreiro de 2024

Dna Merce Barrientos manifesta que na acta, na folla 4, terceiro parágrafo , cando di “ non se critica”... foi unha resposta a unha afirmación do Sr Alcalde e dixen que non foi denunciado polo SAF se non pola súa xestión do SAF.”

A acta queda aprobada por unanimidade coa inclusión desta aclaración.

2.-Modificación orzamentaria por suplemento de crédito 2/2024

A secretaria manifesta que todos os grupos municipais teñen copia da proposta de Alcaldía neste punto, ditaminada favorablemente pola Comisión de Contas.

O Sr Alcalde toma a palabra: “ A esta modificación van bastantes asuntos e quero que se saiba de que se trata:

-Adicamos 30.000 euros á redacción de proxectos técnicos pois aínda que temos técnico e moitos proxectos fainos el, leva tamén o departamento urbanístico con informes, replanteos etc.

Estamos a pedir moitas subvencións e non pode facer todos os traballos de redacción para esas peticións.

As veces non vale que o traballo o faga o técnico coa titulación que ten , sendo preciso que o faga arquitecto ou enxeñeiro, polo que temos que ter a partida preparada e proxectos .

Outra partida de 28.000 euros para liquidacións de obras en Frixe e Trasufre.

Unha inversión de 200.000 euros destinados a obras para as que hai parte de subvención.

Pedíronse moitas e hai resultados positivos. Tamén vai aquí unha inversión do 100% para a Ponte de Vilachán. (Resume brevemente cada unha das inversión previstas).

Vai unha cantidade de 280.000 euros para o SAF que se suma ao que xa está na partida e que a totalidade de SAF para a anualidade e que así se licite.

Figuran 330.000 euros para temas de persoal, cubrir as prazas vacantes, os incrementos legais dos salarios, aportacións a Aprol, PEL, etc. Conseguíronse obradoiros anuais e hai uns fondos para o que está en marcha aínda que despois o devolva a Xunta.

Prevense 15.000 euros para cultura coa finalidade de participar na “Cultura do Camiño”.

Hai 200.000 euros para limpeza, e non hai informe que avale esta cantidade pero collemos bases e pregos



CONCELLO DE MUXÍA
(A Coruña)

Rúa Real, 35
15124 MUXÍA (A Coruña)
Telfs: 981 742 117
981 742 528
981 742 001
Fax: 981 742 298
CIF: P1505300B
correo@muxia.es
www.concellomuxia.com

de concellos similares a Muxía. Queremos que a limpeza se faga en todos os núcleos do Concello . Temos un problema que son as baixas laborais e non temos capacidade para asumilas e con este sistema o Concello non é o responsable de facelo.”

Seguidamente o Sr Alcalde concede a palabra a D Javier Sar que expón: “ Presentamos os tres grupos da oposición unha emenda á modificación (procede a súa lectura).

A interventora aclara un erro que se tivo na contestación a pregunta dos concelleiros/as ao respecto dunha partida de 12.500 euros que vai na MC: “ A partida de 12.500 euros precisa para persoal non é a que se plasma na partida 323/120.04 se non que vai na xera de persoal detallada en varias partidas. Esa outra refírese a educación”.

A secretaria manifesta que pode ser corrixido o erro neste acto tal e como logo se dirá.

Continúa D Javier Sar: “ Vostede non quere ou non sabe gobernar en minoría, non sabe o que é o consenso coa oposición. Xa lle pedimos unha mesa de traballo para o POS, orzamentos etc, e non a fixo. Trae unha modificación agora de 1.100.000 € na que en obras van só 280.000 e o resto para gasto corrente.”

O Sr Alcalde intervén: Non diga que só vai esa cantidade a inversión e elo é porque vostede e outros dixeron que tiña que ir a inversión o POS e tiven que poñer agora para gasto corrente por exemplo para o SAF,, e eso que non estaban politizadas, ou que podería ir a inversión.”

Continúa D Javier Sar: “ Poderá licitar SAF polo que queda do ano e si tivera os orzamentos feitos quizais podería facelo por máis tempo. Hai que elaborar un orzamento no que casen o máis posible ingresos e gastos, e veremos despois se se pode facer modificación de crédito.”

O Sr alcalde intervén: “Por que non fan moción de censura? Non a fan porque o problema é quen queda aquí, queren estar o PP, o BNG ..e só pode estar un.”

Continúa D. Javier Sar: “ Sabemos que podemos facer Moción e non teño interese de estar aí. Apoiarei nunha moción como alcaldesa a Sandra ou a Mercé. Faga os orzamentos e deixese de pamplinas.”

A continuación intervén Dna Merce Barrientos: “ Pídlle que non poña na miña boca cousas que nunca dixen, e se quere saber a miña opinión pídamas. Nunca dixen que tivera intención de ostentar a Alcaldía de Muxía. Da postura do BNG non sei nada e se quere saber algo pode preguntarme.

En canto aos gastos de persoal, efectivamente tamén preguntei e se me dixon que esa cantidade era para Aprox, etc. Non creo que haxa ningún problema para corrixir o erro.

D Javier Sar intervén para dicir : “Hai unha persoa no público que se está a dirixindo a min, increpándome e pídlle que non o faga.”



CONCELLO DE MUXIA
(A Coruña)

Rúa Real, 35
15124 MUXÍA (A Coruña)
Telfs: 981 742 117
981 742 528
981 742 001
Fax: 981 742 298
CIF: P1505300B
correo@muxia.es
www.concellomuxia.com

Continúa Dna Merce Barrientos: Hai unha profusión de subvencións que non vin o ano anterior e por elo felicíto. Parécenos ben que se pidan e se fagan aportacións municipais e pareceríanos ben tamén que aprendese a negociar, que é que cando alguén quere algo se senta, explica o que quere, escoita aos outros e trata de chegar a un acordo. Neste caso non se deu este esquema básico de negociación.

Cando viñemos á comisión podería ter documentación preparada, por ex relativa ao plan de limpeza. Vostede anunciou que fixeran un plan e cando chegamos aquí recoñeceu que non había plan. Temos problemas para aportar diñeiro sen ter nada escrito”.

D Javier Sar intervén para dicir que “ hai unha persoa que se está a rir e volve a increparme...

A secretaria lémbrale á Alcaldía que o público non pode intervir nin causar interrupcións nin alteracións do normal desenvolvemento da sesión e que a orde pública do pleno debe ser controlado pola alcaldía.

Continúa Dna Merce Barrientos: “En canto ao SAF vostede di que se sacou do POS pero, está xa aprobado o POS? Non, non ten dispoñible aínda as cantidades do POS e así o SAF non podería licitarse. Vostede agradeceume que propuxese gasto corrente para remanente e aquí está e o apoio, o que supón que en 15 días hábiles o poderá licitar. Se vostede tivese capacidade de sentarse a negociar proxectos e a capacidade de traballar previamente e non publicitar o que non hai tería moito adiantado, e sospeito polo que vin na Comisión de Contas, e o que din que ten subvencións gracias ao traballo de funcionarios e de Olalla sen ser da súa área, por que se tivo que encargar Olalla disto cando pode facelo vostede? “

O Alcalde intervén: “Nesa hora limo as uñas e díxenlle a Olalla que o fixera pois o soldo que ten da para elo. Non a precisamos para que nos reparta o traballo. “

Continúa Dna Marce Barrientos: “Respecto ao que di de que as mulleres do SAF no estaban politizadas , non entendo o que quere dicir porque ter unha opinión ou ideoloxía política é un dereito de todos e estar ou non politizado é unha opción persoal. Non sei se as mulleres do SAF teñen opción política e non o preguntei nin o preguntarei nunca.”

O Sr Alcalde toma a palabra: “Muller traballadora é Olalla á que vostede, feminista, lle nega un salario.”

A continuación é o turno de Dna Sandra Vilela: “É unha pena que nesta modificación de crédito non poda haber máis inversión e elo non polo POS, nin polo que vostede di. Poñe 200.000 euros en inversión e o resto vai a gasto corrente. A oposición presentou obras que vostede votou pero despois as bloquea ao non redactar os proxectos para elas. É cinismo político o que vostede fai.

Gastou todo o que tiña no orzamento para soldos, bens correntes e de servizos, etc? . Non liquidamos o orzamento do ano pasado e xa está a pedir diñeiro. Se chegamos a setembro ou outubro sen orzamento e



CONCELLO DE MUXÍA
(A Coruña)

Rúa Real, 35
15124 MUXÍA (A Coruña)
Telfs: 981 742 117
981 742 528
981 742 001
Fax: 981 742 298
CIF: P1505300B
correo@muxia.es
www.concellomuxia.com

faltan eses 290.000 euros para pagar aos funcionarios vai ter que facelo. Non diga como dixo na Comisión que lle descalabramos o orzamento co POS porque vostede tería que ter o orzamento aprobado antes do POS.

En canto ao Plan de limpeza , anunciou fai semanas a bombo e platillo un plan de limpeza do rural, un ambicioso plan de limpeza e mantemento no que levaba moito tempo traballando, e resulta que na informativa lle preguntaron en que consistía ese plan e lles dixo que non o había, que non sabemos como se vai a usar. Pide 200.00€ dicindo que Vimianzo gasta 150.000.

Traia o Plan e terá o voto do PP . É unha mentira súa máis como a licitación do SAF ou a Ponte de Vilachán. Esa Ponte empezou a ceder en febreiro de 2023 e en maio vostede dixo en eleccións en Viseo que tiña a ponte comprada e almacenada en Muxía segundo din os veciños. É vostede un mentireiro, non tiña nin os permisos que dixo pedidos. Solicitou permiso a Augas en decembro de 2023 e dous meses despois o concedeu.

A oposición nun acto máis de responsabilidade e a pesar das nosas diferencias, presentamos esta emenda e somos capaces de chegar a acordos e elo porque temos un so obxectivo común que é o ben do noso Concello

Vostede dixo que quen licita o SAF son os funcionarios , claro o traballo administrativo é deles pero a decisión política é súa.”

A Interventora municipal manifesta que na partida, que na emenda presentada se retira por importe de 28.000€ con destino a “saneamento, inversión”, vai incluída unha factura que debería de aprobarse no REC do seguinte punto da Orde do Día e que debe ser retirada do REC, pois non se aproba consignación para elo nesta modificación.

Advírtese a posible ilegalidade por enriquecemento inxusto desta actuación.

Seguidamente sométese a votación a emenda presentada, que é aprobada polos votos a favor do grupo municipal PP (3), IxM (2) e mixto (1), absténdose o grupo municipal PSOE (5).

A continuación o Sr Alcalde desexa someter a votación a súa proposta (indicándolle á secretaria que non terá validez legal a votación), que é votada favorablemente polo grupo municipal PSOE (5), e a abstención do resto..

Segundo exposto, o Pleno acorda :

1.- Aprobar expediente de concesión de suplemento de crédito conforme ó previsto no artigo 177 do RDL 2/2004 e artigo 35 do Real Decreto 500/90 de 20 de Abril. As aplicación orzamentarias afectadas polo expediente son as seguintes:

GASTOS

Concepto	Aplicación orzamentaria	Importe
Inversión	454/619.00	169415,25
Maquinaria, inst e útiles	920/623.00	27095,56



CONCELLO DE MUXIA
(A Coruña)

Rúa Real, 35
15124 MUXÍA (A Coruña)
Telfs: 981 742 117
981 742 528
981 742 001
Fax: 981 742 298
CIF: P1505300B
correo@muxia.es
www.concellomuxia.com

Servicios externos en SSSS	231/227.99	280000
Cultura	334/227.99	15000
Obradoiro de emprego	241/227.99	18000
Salarios obradoiro	241/143.00	27500
Personal	920.160.00	12500
TOTAL		549510,81€

INGRESOS:

Concepto	Financiación con cargo ao remanente de tesourería para gastos xerais
TOTAL	549510,81€

2.- Expoñer ao público o acordo de aprobación inicial mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia polo prazo de 15 días hábiles, durante os cales os interesados poderán presentar as reclamacións que estimen convenientes ante o Pleno. Estas reclamacións serán resoltas polo Pleno no prazo dun mes. No caso de non se presentaren reclamacións durante o período de exposición pública, considerarase definitivamente aprobado o citado expediente, entrando en vigor unha vez cumprido o disposto no artigo 169 do Texto Refundido da Lei Reguladora de F. Locais

3.-REC 2/2024 (facturas exercicios anteriores)

A Secretaria explica que todos os grupos teñen copia da proposta de Alcaldía neste punto, ditaminada favorablemente pola Comisión de Contas, advertindo segundo o exposto tamén pola intervención, da necesidade de retirar da relación de facturas do REC a pertencente a Daniel Ogando SL, por importe de 9738,96€, reiterando a advertencia da posible ilegalidade por enriquecemento inxusto desta actuación.

Intervén inicialmente Dna Merce Barrientos: “ Propoñemos tamén eliminar a factura de Artabra SL porque non se sabe que servizos son os que en realidade prestan, non hai contrato e parécenos excesivo o importe. Noutros Concellos limítrofes con Muxía a xestión das redes sociais a fai o concelleiro/a da área, e este importe é máis de 1500€/mes, e cremos que esa cantidade podería utilizarse para implantar por exemplo un sistema de video-actas. Nas súas respostas a IxM cando lle preguntan respecto ás gravacións dos plenos, contesta que no forman parte deste contrato e tamén comprobamos que ese servizo de gravación é defectuoso, as veces se cortan trozos de pleno, precisamente na parte na que facía acusacións graves sobre o meu grupo político.

En canto á factura de Ethical, vostede dixo que as facturas eran polo servizo de aloxamento de cans non de gatos, e a factura di estancia por animal. Despois dixo que había cans e gatos, e dixo que a factura era por eses servizos, cans e gatos cada un co seu importe. A factura que eu teño é de 5,90€/ can/día máis IVE, e igual polos gatos. Eso dá un total ao ano de 48000€ e é unha cifra moi importante. Noutros concellos con esa mesma empresa, con igual situación por cada gato cobra 1,85€ máis IVE, o que supón 15000€/ano e isto é unha diferenza moi grande que se pode evitar.”



CONCELLO DE MUXÍA
(A Coruña)

Rúa Real, 35
15124 MUXÍA (A Coruña)
Telfs: 981 742 117
981 742 528
981 742 001
Fax: 981 742 298
CIF: P1505300B
correo@muxia.es
www.concellomuxia.com

O Sr Alcalde intervén: “ Non pode ser verdade o que di porque eu falo cos Alcaldes da zona e a todos lles pasa igual. Irei polas instalacións por se hai persoas alí encerradas e tamén irei a Camariñas e pedirei os datos deste asunto.. Vostede di que Muxía gasta o que non debe e non é así. O que quere e facerse tan intelixente que se perde nesa intelixencia. Voto de menos a Carlos Concheiro, el era máis serio. O nivel do BNG caeu ao subsolo e o que lle digo amosareillo e terá que rectificar.”

Volve a intervir Merce Barrientos: “Pedinlle que non puxera na miña boca o que non dixen. Só falei dun Concello e o que é claro é que hai unha forma de xestionar doutro concello que gasta só 15000 euros. Son datos certos, non vou falsificar facturas. Respecto ás facturas do REC propoño retirar as de Artabra.”

A Secretaria manifesta que non poden realizarse emendas a un REC que debe de ser aprobado ou rexeitado como se presenta ao pleno.

Á preguntas de Dna Sandra Vilela a interventora manifesta que seguen a chegar facturas de 2023, e que os provedores facturan en prazo legal.

Sometido o REC a votación, o Pleno por cinco votos a favor do grupo municipal PSOE e a abstención do resto acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de Recoñecemento Extraxudicial de Crédito nº 2/2024 dentro do Orzamento prorrogado da Corporación para o ano 2024 por importe de 99.636,16€, e recoñecer as obrigas que se deriven del, detalle que se anexa.

SEGUNDO.- Resolver as discrepancias recollidas, deixando sen efecto a suspensión na tramitación do expediente, procedendo a levantar o reparo interposto pola intervención municipal, aos efectos do procedemento de continuación coa tramitación do expediente aprobatorio das facturas da relación indicada.

4.-Moción do PP sobre Ponte de Vilachán

A Secretaria manifesta que estando esa obra incluída na Modificación de Crédito aprobada no punto 2, no ha lugar ao tratamento desta moción.

Dna Sandra Vilela amosa a conformidade do seu grupo ao respecto , manifestando: “ Esta proposta tiña sentido porque eu non sabía que ía a pasar co primeiro punto e a presentei antes de ir á comisión informativa, e o fixen porque vostede anunciou fai máis dun mes, un pleno para ese asunto e non o fixo. Aprobamos a modificación cos votos da oposición e a abstención do grupo PSOE.”

Intervén o Sr Alcalde: “Non minta, se se vota a favor de todo tamén se fai da Ponte. Non se ría dos veciños



CONCELLO DE MUXIA
(A Coruña)

Rúa Real, 35
15124 MUXÍA (A Coruña)
Telfs: 981 742 117
981 742 528
981 742 001
Fax: 981 742 298
CIF: P1505300B
correo@muxia.es
www.concellomuxia.com

que non son tontos e dixeron non a Sandra Vilela.”

Intervén Dna Merce Barrientos: “Vostede ocultou deliberadamente ou non que os permisos da Ponte estaban aquí. O BNG preocupouse por este tema porque no pleno de 8 de febreiro o PP preguntoulle canto poderían tardar os permisos e vostede dixo que houbo aquí permisos que tardaron ata 3 anos, e por iso o BNG se preocupou de chamar e preguntar e o 8 de febreiro deron os permisos.”

O Sr Alcalde manifesta: “¿Permisos definitivos? . Non sei como o BNG estivo a punto de perder representación” , e ante a alusión a D Carlos Concheiro na intervención do Alcalde, Dna Merce Barrientos manifesta : “é unha persoa que non está e non lle permito o que di. Sabe que foron circunstancias persoais o que motivou que se retirase.”

O Alcalde resposta: “É un representante e se vostede está arrepentida do que fixo ala vostede. Vostede está envalentonada con persoas que insulta, que difama...Demandas ética aos demais pero debería de preocuparse da xente que lle acompaña que aquí nos coñecemos todos. “

5.-Moción PP sobre normativa respecto dos galiñeiros de autoconsumo.

Dna Sandra Vilela explica brevemente o contido da proposta.

Intervén Dna Merce Barrientos a continuación: “Ese R. Decreto é de 2021 non de agora e entraba en vigor en xullo de 2021. Intentaba asegurar a trazabilidade das aves a causa da gripe aviar. Estamos en 2024 e xa hai 53000 galiñeiros dados de alta gracias as oficinas comarcais do Ministerio. O goberno do PP tiña que facer alegacións cando saíu este Decreto e dicir que en Galicia xa había un sistema instaurado e así era fácil que Galicia quedase exenta destas medidas e elo porque ten competencia exclusiva en gandería pero non o fixo e agora cando está a rematar o prazo veñen os problemas.”

Dna Sandra Vilela resposta que a Xunta xa fixo alegacións no seu día e que na moción se alude a elo.

Sometida a moción a votación, queda aprobada e recollida a continuación polos votos a favor de grupo municipal PSOE (5), PP(3), IxM (2) e a abstención do grupo mixto (1), e polo tanto:

Instar ao goberno de España a que modifique o Real Decreto 637/2021 de 27 de xullo, polo que se establecen as normas básicas de ordenación das granxas avícolas, para suprimir a obrigatoriedade de rexistro das explotacións avícolas para autoconsumo, agás decisión da autoridade competente naquelas explotacións en función do risco sanitario ou criterios de ordenación sectorial da Comunidade Autónoma.

6.-Moción do PP de apoio aos agricultores e gandeiros españois.



CONCELLO DE MUXÍA
(A Coruña)

Rúa Real, 35
15124 MUXÍA (A Coruña)
Telfs: 981 742 117
981 742 528
981 742 001
Fax: 981 742 298
CIF: P1505300B
correo@muxia.es
www.concellomuxia.com

Dna Sandra Vilela explica o contido da moción.

Seguidamente intervéñ Dna Merce Barrientos: “ Vemos que non está claro como o PP esixe a flexibilidade do PEAC cando quen goberna na Comisión Europea é o PP, terán que esixirles aos seus eurodiputados plans distintos que o BNG sigue reclamando.

Promover un pacto nacional da auga... co problema actual de Altri , que se vendeu como un proxecto sostible e é unha celulosa que vai a situarse en Galicia e afectar ao sector primario.

Precisa de 47000000litros de auga que non vai a poder usar o sector primario, contaminará o Río Ulla e afectará á Illa de Arousa e polo tanto ao sector pesqueiro. Como Altri non ten terreos esperará a que a Xunta decrete que é un proxecto de interese estratéxico e expropiarán terreos. Con estas noticias traen esta moción. O PP europeo ten que ser interlocutor do PP galego para que se faga chegar a Europa as necesidades do noso país.

Sen máis intervencións, anunciando a Alcaldía o apoio á moción, sométese a votación. O Pleno cos votos a favor do grupo municipal PSOE (5), PP(3), IxM (2) e a abstención do BNG, aproba a moción e acorda:

1.-Mostrar apoio ao sector primario en Muxía, aos seus agricultores e gandeiros. Reivindicamos a súa importancia no desenvolvemento da nosa localidade e Comunidade Autónoma, tanto desde o punto de vista produtivo, económico e social, como medioambiental.

2.-Apoiar o plan de choque de 15 medidas que reclamou o Partido Popular ao que se refire esta iniciativa, para facer fronte á crise do sistema agrario e agroalimentario español.

3.-Solicitar ao Goberno de Muxía para que inste a súa vez ao Goberno de España a que adopte estas medidas coa maior brevidade posible.

7.-Moción do BNG de apoio ás peticións feministas con motivo do 8 de marzo.

Dna Merce Barrientos explica o contido da moción.

O Sr Alcalde intervéñ: “Votaremos a favor, somos un equipo e partido feminista. Non usamos o feminismo para facer certas manobras que desacreditan o traballo de moitas mulleres e homes nesta causa. Utilizan a causa feminista da loita da muller por atopar a igualdade real pero queda moito camiño con inimigos dentro do feminismo. Usar esa causa con outros fins é prostituíla.

Sometida a moción a votación, o Pleno, cos votos a favor do grupo municipal PSOE (5), IxM (2) e mixto (1), e a abstención do grupo municipal PP (3), acorda :

1.-Apoiar, recoñecer e difundir as convocatorias do feminismo galego e expresar o compromiso da corporación para traballar contribuíndo a superar esta situación.

2.-Esixir do novo goberno da Xunta estas medidas urxentes para avanzar en igualdade:

a)Apostar pola igualdade no ensino, recuperando a oferta da materia de Igualdade de xénero eliminada no



CONCELLO DE MUXIA
(A Coruña)

Rúa Real, 35
15124 MUXÍA (A Coruña)
Telfs: 981 742 117
981 742 528
981 742 001
Fax: 981 742 298
CIF: P1505300B
correo@muxia.es
www.concellomuxia.com

curso 2023-24 para o vindeiro curso e apostando pola formación transversal do persoal educativo en materia de igualdade e para o respecto á diversidade afectiva sexual, entender e asegurar protocolos contra o acoso lgbtífóbico e a inclusión da diversidade sexual e de xénero nos programas docentes.

b) Impulso dunha auditoría sobre a situación das mulleres nas contratacións públicas sufragadas total ou parcialmente por parte das institucións de cara a blindar o cumprimento dos convenios colectivos, eliminar a fenda salarial e mellorar as súas condicións de traballo, singularmente en ámbitos especialmente sensibles como o da limpeza ou atención domiciliaria.

c) Impulso dunha Lei de Igualdade no Deporte na que se incorporen, entre outras, a creación da Comisión Galega de Igualdade no Deporte con potestade sancionadora,; o Observatorio Galego da Igualdade no Deporte, protocolos específicos, plans de conciliación e fomento da visibilidade do deporte feminino nos centros educativos e nos medios audiovisuais, en especial na CRTVG.

8.-Dar conta marcos orzamentarios 2024

A Secretaria indica que o pleno está informado dos marcos orzamentarios para o 2024, do que teñen copia os grupos políticos.

O Pleno queda enterado.

9.-Dar conta liquidación orzamentaria 2023

A secretaria indica que se informa ao pleno da aprobación da liquidación orzamentaria do 2023, por resolución de Alcaldía da que teñen copia os grupos políticos.

O pleno queda enterado.

10.-Dar conta resolucións de alcaldía do 10 de novembro 2023 ao 18 de marzo do 2024.

O Pleno ten coñecemento das resolucións de alcaldía comprendidas entre o 10 de novembro de 2023 e 18 de marzo de 2024.

De acordo co establecido no ROF o Sr Alcalde pregunta se algún grupo quere introducir na orde do día algún asunto por urxencia, presentando Dna Merce Barrientos unha moción que explica cree que é urxente, pois “Está chegando semana Santa e o bo tempo e hai unha ordenanza que prohibe ir os cans á praia e cremos que non debe ser así.”

Sometida a urxencia a votación, queda aprobada polos votos do grupo municipal PP (3), IxM (2) e mixto (1), e os votos en contra do grupo municipal PSOE (5).



CONCELLO DE MUXIA
(A Coruña)

Rúa Real, 35
15124 MUXÍA (A Coruña)
Telfs: 981 742 117
981 742 528
981 742 001
Fax: 981 742 298
CIF: P1505300B
correo@muxia.es
www.concellomuxia.com

Dna Merce Barrientos explica brevemente o contido da moción.

A secretaria explica que existe unha ordenanza que tería que modificarse en caso de que se pretenda autorizar accesos de animais ás praias .

O grupo municipal PP a través da súa voceira manifesta: “parécenos ben que os cans teñan o seu espazo pero a responsabilidade é dos donos”.

O Sr Alcalde manifesta: “A día de hoxe non existe problema e non hai gran índice de protestas no Concello, pero debería especificarse as praias para elo.”

Dna Merce Barrientos contesta. “ Entendemos que hai que cumprir as as ordenanzas ou adaptarse á situación real e non nos opoñemos a que se faga para todas as praias do Concello ou se iso supón algún problema, as que propoñemos na moción.”

Sometida a moción a votación, queda aprobada polos votos a favor do grupo municipal PP(3), IxM (2) e mixto (1), e a abstención do grupo municipal PSOE (5), e polo tanto o Pleno acorda:

- 1. Que o concello habilite praias para que se poida acceder cos cans desde novembro ata marzo de xeito libre.*
- 2. Que o concello habilite praias para que, a partir de Semana Santa, se poida acudir durante a semana con cans, de ser o caso no horario de menor asistencia de público. Proponse que polo menos se habilite a Praia de Espiñeirido e se valore facelo con outras como Area Maior, Lourido ou Leis.*
- 3. Que se inste a Portos de Galicia a instalar papeleiras nas instalación portuarias como o dique habitualmente concorridas por persoas coas súas mascotas.*

11.-Control órganos de goberno. Rogos e preguntas.

O Sr alcalde manifesta que as preguntas que se lle formularon por escrito serán contestadas motivadas.

D Javier Sar intervén. “ O 14 de marzo publico una prensa que as obras do punto limpo serían adxudicadas esa semana. En que consisten e é así?

Rogo que se trate de xestionar con Portos a colocación ou substitución de papeleiras no paseo, na zona portuaria.

Existe unha demanda de agricultura e gandería de que as ITV de tractores e maquinaria agrícola se poida facer en dúas localidades como antes, e sería cómodo en Senande unha delas, aproveitando que hai un taller ali.

Respecto ao camiño do amigo meu que vostede dixo, quero aclarar o seguinte: o propietario dese local ven



CONCELLO DE MUXÍA
(A Coruña)

Rúa Real, 35
15124 MUXÍA (A Coruña)
Telfs: 981 742 117
981 742 528
981 742 001
Fax: 981 742 298
CIF: P1505300B
correo@muxia.es
www.concellomuxia.com

falar con vostede de que quería ver se lle adecentaba o camiño dende a estrada, que é de titularidade pública pero vostede lle dixo que esas obras dependían da oposición que era quen tería que facer a petición. El veu dicirmo e aos outros dous grupos e nós presentámolo na comisión. Vostede aceptou e non dixo nada pero en 48 horas insinúa que veño só a pedir cousas para amigos meus. Deixe de facer política desa maneira. É o meu amigo e non creo que haxa nada ilícito no que dixer.

A continuación é o turno de Dna Merce Barrientos: “Ostente o seu cargo con dignidade e educación. D Carlos Concheiro vostede sabe as circunstancias persoais polas que deixou esta corporación e é indigno falar del xa que non está presente.

O Sr Alcalde interrompe: “Vostede me vai chamar a min indigno?. Usar esas cousas é rastrero. Foi un digno representante deste Concello e podo facer referencias a el de cando estivo aquí.

Continúa Dna Merce Barrientos: “Temos un rogo inicial que é que se repoñan as marquesinas de Vilariño e Pasantes que están en mala situación, incluso perigosa.

Que se retire o mobiliario urbano oxidado e perigoso na pista polideportiva de Area Maior.

Fixo algunha xestión para incrementar o número e prazas da gardería? Rogamos que se fagan as xestións oportunas porque hai lista de espera.”

O Sr Alcalde intervén: “Xa se foran as interesadas?? Contestando Dna Merce Barrientos “ a súa vai á gardería outros non”, responde o Alcalde: “Vai porque cumprimos os requisitos non porque sexa a miña filla. Estou orgulloso de ser eu que puxo andar a gardería, dicir a súa...e os de os demais non... é vostede dobremente rastrera, 3, 4 veces máis rastrera.”

Continúa Dna Mercé Barrientos: “ Solicitar un incremento de prazas da gardería non é para min nin para outros senón para calquera que teña fillos e vostedes din que as interesadas xa se foron....”

Continúa o Sr alcalde: “Con esa cara de cinismo ca que fala non sabemos se é porque tes un problema ou non... se fai referencia a unha situación non diga que a filla do alcalde si e outras non, está porque ten dereito a elo, parece mentira que vostede sexa filla de quen é.”

Continúa Dna Merce Barrientos: “ Pregunto se se fixo algunha xestión para incrementar o número de prazas porque hai familias que levan os seus fillos a Cee ou Vimianzo. Aclaro que eu non dixer que a súa filla estaba na gardería, foi vostede.”

O Sr Alcalde resposta: “Si que o dixo e engadiu “ outros non”. Ten que nacer vostede tres veces para estar a miña altura, e elo porque algunha cousa hai que vivila para sabela e vostede non a viviu. Non poña esa risa de cinismo ao falar destes temas e despois pida respecto.”

Dna Merce Barrientos resposta: “ Alguén que acaba de falar de feminismo considera que unha persoa sen fillos non pode saber o que se sente cando se teñen?

Volve a intervir o Sr Alcalde: “ As feministas como vostede son as que fan dano ao feminismo real. Non me fale Merce Barrientos, criada no machismo absoluto nin me de clases a min de feminismo nin de igualdade porque vivimos en Muxía e sabemos como foron criadas nesa casa. Non lle permito que me trate de



CONCELLO DE MUXIA
(A Coruña)

Rúa Real, 35
15124 MUXÍA (A Coruña)
Telfs: 981 742 117
981 742 528
981 742 001
Fax: 981 742 298
CIF: P1505300B
correo@muxia.es
www.concellomuxia.com

machista.”

Volve a intervir Dna Merce Barrientos: “ En que estado está a pista de Nemiña á Praia de Nemiña?

Hai decretos de modificación do proxecto do Santuario, como está ese proxecto?

Que pasa coa estrada de Quintáns a Senande que non foi arranxada. Hai moito problema de circulación e reclamacións patrimoniais por danos en coches.

Cando se van facer os pequenos arranxos pedidos por vía electrónica en outubro.?

Continúa, “presento como Rogo , respecto á Paluxa, que se xestionen os correspondentes permisos e subvencións para equipamentos deportivos, se proceda, para financiar a adquisición e o proxecto de instalación desta pista multideporte portátil que dará servizo aos rapaces e rapazas de toda a contorna.

Que se inclúa no orzamento para 2024 unha partida para a adquisición dunha pista portátil multideporte e se fagan as xestións oportunas para a súa instalación no parque da Paluxa.”

O Sr Alcalde manifesta que contestará todo por escrito. “Fago, di, unha reflexión: Sabes o que é puramente machista? É dicir que se poden ganar unhas eleccións só coas mulleres coas que estivese, soaralle.

Ás 24:00 horas non hai máis asuntos que tratar. Por orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, da que eu, secretario, dou fe.

Concello de Muxía, venres 22 de marzo de 2024

A secretaria, Rosa Ana García Fernández

O alcalde, Santiago Manuel Toba Campaña